

Representante da Consellería de Sanidade:

Patricia Daporta Padín.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2005.

Enrique López Veiga
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde conxunta do 21 de xaneiro de 2005, das consellerías de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e de Medio Ambiente, pola que se establece un procedemento para solicitar axudas destinadas a paliar a incidencia no sobrecusto do gasóleo agrícola nos resultados económicos das explotacións e cooperativas agrarias.

O forte incremento dos prezos do petróleo, durante o ano 2004, ten un reflexo directo en gran número de inputs utilizados no sector agrario, de maneira máis directa no gasóleo agrícola e, indirectamente, noutros insumos agrarios derivados do petróleo, cunha forte incidencia na competitividade e o desenvolvemento deste sector.

No entanto, a crise do gasóleo agrícola afecta de maneira dispar os distintos tipos de explotacións, en función dos seus factores estruturais e das actividades produtivas realizadas.

Así mesmo, é distinto o grao de afectación global aos titulares das explotacións agrarias, segundo a procedencia das súas rendas e a significación das agrarias no cómputo global.

Polo exposto, ao abeiro do artigo 130 da Constitución, para atender a modernización e o desenvolvemento da agricultura e da gandería, e de conformidade co Acordo do Consello de Ministros de medidas fiscais e sociais, para paliar o incremento de prezos de carburantes nos sectores agrarios e pesqueiro, do 22 de outubro de 2004, acordouse establecer unhas axudas temporais que se recollen na Orde APA/4398/2004, do 30 de decembro, pola que se establece un réxime temporal de axudas ao sector agrario, para o mantemento da actividade agraria, acollidas ao réxime de *minimis*. Estas axudas acóllense ao réxime de *minimis* previsto no Regulamento CE nº 1860/2004, do 6 de outubro de 2004, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de *minimis* nos sectores agrario e pesqueiro.

A devandita orde prevé de modo singular as cooperativas de explotación comunitaria da terra, as cooperativas de utilización de maquinaria agrícola e as cooperativas agrarias co referendo estatutario dunha sección de cultivos ou de maquinaria para a prestación de servizos aos seus socios, motivado todo iso polo mandato constitucional de fomentar as sociedades cooperativas (artigo 129.2º da Constitución española) e, tamén, porque o desenvolvemento destas fórmulas cooperativas contribúe á consecución dunha maior eficiencia enerxética.

Consecuentemente e en virtude das competencias que lle son atribuídas pola normativa vixente á Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e á Consellería de Medio Ambiente

DISPOÑEMOS:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. O obxecto desta orde é establecer na Comunidade Autónoma de Galicia o procedemento para a solicitude e xestión das axudas previstas na Orde APA/4398/2004, do 30 de decembro, pola que se establece un réxime temporal de axudas ao sector agrario, destinadas a paliar a incidencia no sobrecusto do gasóleo agrícola nos resultados económicos das explotacións e cooperativas agrarias, para o mantemento da competitividade do sector.

2. O seu ámbito de aplicación esténdese aos titulares de explotacións agrarias con domicilio fiscal na Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os requisitos previstos nesta orde.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderanse acoller a estas axudas os titulares de explotacións agrarias inscritos no réxime especial agrario da Seguridade Social, como traballadores por conta propia ou no réxime especial de traballadores autónomos, na actividade de agricultura, gandería, caza e silvicultura. Tamén se poden acoller as sociedades agrarias de transformación e outros titulares, persoas xurídicas, distintos das cooperativas que se indican no punto 2º deste artigo, que figuran de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social, no ficheiro xeral de afiliación e que acrediten que o seu obxecto exclusivo é o exercicio da actividade agraria nas explotacións das que son titulares.

Tamén poderán ser beneficiarios as persoas xurídicas indicadas anteriormente, que acrediten que o seu obxecto exclusivo é o exercicio da actividade agraria nas explotacións das que son titulares, aínda que non figuren de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social, sempre que xustifiquen que, polo menos, o 50% dos socios que as integran están inscritos no devandito réxime especial agrario.

2. Así mesmo, poderán acollerse a esta axuda as cooperativas de explotación comunitaria da terra, as cooperativas de utilización de maquinaria agrícola e as cooperativas agrarias con recoñecemento estatutario dunha sección de cultivos ou de maquinaria

para a prestación de servizos aos seus socios, cos límites establecidos no artigo 3º.

Artigo 3º.-Tipos e contías.

1. A axuda consistirá nunha subvención directa de 0,06 euros por litro de gasóleo B de uso agrícola, xustificado por facturas ou cheque gasóleo bonificado, dos previstos no artigo 107 b) do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, utilizado polo titular dunha explotación agraria no período do ano 2004 no que figure de alta nos réximes da Seguridade Social mencionados no artigo 2.1º desta disposición, ata o límite común por beneficiario, persoa física ou xurídica, que resulte de aplicar a totalidade da contía máxima global destas axudas, cun límite máximo de 3.000 euros por beneficiario.

As facturas xustificativas expedidas con motivo da adquisición do gasóleo B deben cumprir os requisitos previstos no artigo 6.1º do regulamento polo que se regulamentan as obrigas de facturación aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

2. Cando se utilizase como instrumento validado especial de pagamento un cheque de gasóleo, no que figure o importe e non a cantidade de litros adquiridos, o solicitante determinará a cantidade de litros correspondentes a cada cheque de gasóleo para os efectos desta disposición, dividindo o importe en euros do cheque polo coeficiente 0,4958.

3. Para os efectos do cálculo da axuda, as cooperativas sinaladas no artigo 2.2º como beneficiarias, poderán computar o consumo acreditado de gasóleo agrícola no ano 2004, sen que a axuda por cooperativa poida superar o límite máximo común ao que se refire a Orde APA/4398/2004 nin a cantidade de 3.000 euros.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes e prazo.

Os solicitantes poderán presentar desde o día seguinte ao da publicación desta orde ata o 28 de febreiro de 2005, inclusive, unha solicitude dirixida ao conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, de acordo co modelo incluído como anexo I, que poderá ser presentada preferentemente no rexistro xeral da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural en Santiago de Compostela ou por calquera dos métodos previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como a través das organizacións que se sinalan no punto 5.3º, parágrafo primeiro da Orde APA/4398/2004.

Artigo 5º.-Tramitación das solicitudes.

A Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, unha vez analizadas as solicitudes e a documentación que as acompaña, e despois do informe da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e da Dirección Xeral de Conservación da Natu-

reza no caso de explotacións agrarias na actividade de silvicultura e caza respectivamente, para os efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos establecidos, remitirá en soporte informático, á Subsecretaría do MAPA, a relación de solicitudes con expresión de nomes e apelidos ou razón social, NIF ou CIF e volume de consumo de gasóleo xustificado, así como a súa contía, distinguindo en relación separada as solicitudes correspondentes ás cooperativas.

Unha vez determinado polo MAPA o límite común do volume de gasóleo subvencionable para as cooperativas e para os beneficiarios distintos das cooperativas, todo iso dentro do volume global de axuda previsto na Orde APA/4398/2004, a Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria propondrá ao conselleiro a resolución das solicitudes sen superar a contía máxima global establecida para a comunidade autónoma.

Artigo 6º.-Documentación.

As solicitudes de axuda irán acompañadas como mínimo dos seguintes documentos:

- a) Fotocopia do DNI ou NIF no caso de persoas físicas.
- b) Fotocopia do CIF e do poder acreditativo da representación no caso de persoas xurídicas.
- c) Fotocopia dos estatutos ou documento de constitución no caso de persoas xurídicas ás que se refire o artigo 2º.

Aquelas explotacións cualificadas como prioritarias segundo se establece na Orde do 16 de xuño de 1998 pola que se crea o Rexistro de Explotacións Agrarias prioritarias da Comunidade Autónoma de Galicia, quedarán exentas de presentar esta documentación.

d) Fotocopia dos xustificantes pagados aos réximes da Seguridade Social correspondentes ao ano 2004 ou anexo III asinado ao que se xuntará unha copia do documento de afiliación. No caso de que o titular da explotación sexa unha persoa xurídica e non estea de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social, deberá achegar os xustificantes pagados aos réximes correspondentes do 50% dos socios; no caso de optar por autorizar á Administración con base no recollido no anexo III, achegarase ademais unha copia do documento de afiliación deses socios.

e) Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta na que se solicita o ingreso do importe da axuda.

f) Acreditación de encontrarse ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, ou autorizar a Administración para solicitar os ditos datos para o que deberá presentar o anexo III debidamente cuberto.

g) Facturas ou cheques de gasóleo xustificativas dos gastos realizados.

Artigo 7º.-Resolución.

A Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria tramitará as solicitudes presentadas e realizará os controis administrativos e sobre o terreo, que considere oportunos, para garantir o cumprimento das condicións exixidas para a concesión das axudas.

Unha vez que o MAPA proceda á territorialización do crédito existente de conformidade co establecido no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e que comunique a dotación orzamentaria para estas axudas, procederase á xeración de crédito tal como se indica no artigo 9º desta disposición, para que posteriormente o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural por proposta da Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria, resolva a concesión ou denegación das solicitudes de axuda e proceda ao seu pagamento.

As solicitudes que, unha vez transcorridos nove meses desde a data de entrada en vigor desta orde, non tiveran unha comunicación de resolución, poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo.

Na resolución sobre concesión da axuda constará expresamente que o seu importe esta financiado con cargo aos orzamentos do MAPA e que a axuda está acollida ao réxime de *minimis*.

Artigo 8º.-Recursos administrativos.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados en aplicación desta orde, esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa; ou de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, de acordo co previsto na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 9º.-Financiamento das axudas.

As axudas reguladas nesta orde financiaranse con cargo aos orzamentos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Unha vez que a comunidade autónoma teña constancia da distribución territorial dos créditos consignados para tal efecto, procederase

a efectuar as oportunas xeracións de crédito na aplicación orzamentaria 09.03.614A.777.0 podendo incrementarse no seu momento con asignacións complementarias da Administración central.

Disposicións adicionais

Primeira.-En todo o non previsto nesta orde será de aplicación a Orde APA/4398/2004, do 30 de decembro, pola que se establece un réxime temporal de axudas ao sector agrario, para o mantemento da competitividade da actividade agraria, acollidas ao réxime de *minimis* e na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións.

Segunda.-Solicitud de datos pola Administración.

O solicitante poderá acudir individualmente á Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e/ou á Consellería de Economía e Facenda, aos organismos da Seguridade Social para solicitar a expedición dos certificados acreditativos de atoparse ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social incluíndo a situación de afiliación ao longo do ano 2004, así como de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, ou, se é o caso, sinalar expresamente na solicitud de axuda, mediante a presentación do anexo III que autoriza a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural para que poida solicitar no seu nome a devandita información.

Terceira.-Colaboración na xestión.

No caso de que as organizacións a que fai referencia o punto 5.3º da Orde APA/4398/2004, do 30 de decembro, colaboren na xestión con base nos convenios que puideran asinar, deberá presentar, xunto coas solicitudes e a súa correspondente documentación, e de acordo co anexo IV, a base de datos debidamente cuberta que lles será facilitada, así como unha certificación expedida polo secretario da organización onde se especifique a relación nominal de solicitudes e o control administrativo efectuado, que afectará polo menos aos litros totais e/ou importes reflectidos nas facturas ou cheques gasóleo, así como ao requisito recollido no artigo 2º, punto 1 no segundo parágrafo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facultade de desenvolvemento.

Facúltase ao director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta disposición entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2005.

José Antonio Santiso Miramontes Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural	José Manuel Barreiro Fernández Conselleiro de Medio Ambiente
--	---

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL



**MINISTERIO DE
AGRICULTURA, PESCA
E ALIMENTACIÓN**

PROCEDEMENTO AXUDAS AO SECTOR AGRARIO PARA O MANTEMENTO DA COMPETITIVIDADE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AG460A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

SOLICITANTE				NIF/CIF	
ENDEREZO				LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	Nº CEA	

E na súa representación:

APELIDOS		NOME		DNI	
ENDEREZO				LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX		

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITO CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE		ENDEREZO (RÚA)	
POBOACIÓN		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

DOCUMENTACIÓN

☐ FOTOCOPIA DE DNI OU NIF NO CASO DE PERSOAS FÍSICAS. ☐ FOTOCOPIA DO CIF E DO PODER ACREDITATIVO DE REPRESENTACIÓN NO CASO DE PERSOAS XURÍDICAS. ☐ FOTOCOPIA DOS ESTATUTOS OU DOCUMENTOS DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE. ☐ FOTOCOPIA DOS CUPÓNS PAGADOS. ☐ CERTIFICADO ORIXINAL DA ENTIDADE FINANCEIRA SOBRE A TITULARIDADE DA CONTA. ☐ ACREDITACIÓN DE ESTAR AO DÍA DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS OU ANEXO III ASINADO. ☐ ACREDITACIÓN DE ESTAR AO DÍA DAS OBRIGAS COA SEGURIDADE SOCIAL. ☐ FACTURAS OU CHEQUES XUSTIFICATIVOS DOS GASTOS REALIZADOS.
RELACIÓN DE ANEXOS ☐ II ☐ III ☐ IV

OBSERVACIÓNS

Declaro baixo a miña responsabilidade a veracidade dos datos que acompañan esta solicitude e solicito que me sexa concedida a axuda establecida na Orde do _____ da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde conxunta do 21 de xaneiro de 2005, das consellerías de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e de Medio Ambiente, pola que se establece un procedemento para solicitar axudas destinadas a paliar a incidencia no sobrecusto do gasóleo agrícola nos resultados económicos das explotacións e cooperativas agrarias.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

_____ de _____ de 200

Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

ANEXO II

SOLICITANTE				NIF	
ENDEREZO			LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	Nº CEA	

CHEQUE GASÓLEO	DATA	IMPORTE
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

FACTURA	DATA	LITROS
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

_____, ____ de _____ de _____ (Sinatura do solicitante ou representante) Asdo.: _____
--

ANEXO III



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL



**MINISTERIO DE
AGRICULTURA, PESCA
E ALIMENTACIÓN**

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS AO SECTOR AGRARIO PARA O MANTEMENTO DA COMPETITIVIDADE	AG460A	AUTORIZACIÓN

AUTORIZO A:

A Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural para solicitar da Seguridade Social, da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda cantos documentos e informes sexan precisos para a verificación e control dos requisitos desta orde de axudas.

_____, ____ de _____ de 200 ____

(Sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.: _____

Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

ANEXO IV

BASE DE DATOS

NOME	DATO	TIPO TAMAÑO
APELIDOS/NOME	APELIDOS/NOME	TEXTO 35
CONTA BANCARIA	CONTA BANCARIA	TEXTO 20
EX LET CIF	LETRA INICIAL CIF TITULAR	TEXTO 1
EXPL DNI	NUMÉRICO DNI TITULAR	NÚMERO (ENTEIRO)
EX LET DNI	LETRA FINAL DNI TITULAR	TEXTO 1
PROVINCIA	PROVINCIA	NÚMERO (ENTEIRO) 2
CONCELLO	CONCELLO	NÚMERO (ENTEIRO) 3
PARROQUIA	PARROQUIA	TEXTO 30
LUGAR	LUGAR	TEXTO 30
TELÉFONO	TELÉFONO	TEXTO 10
CÓDIGO POSTAL	CÓDIGO POSTAL	NUMÉRICO 5
FAX	FAX	TEXTO
CHEQUE GASÓLEO	CHEQUE GASÓLEO	TEXTO
DATA CHEQUE	DATA DO CHEQUE GASÓLEO	DATA/HORA
IMPORTE CHEQUE	IMPORTE DO CHEQUE GASÓLEO	NUMÉRICO
FACTURA	FACTURA	TEXTO
DATA FACTURA	DATA FACTURA	DATA/HORA
LITROS FACTURA	LITROS FACTURA	NUMÉRICO

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 6 de setembro de 2004 pola que se autoriza a apertura e funcionamento do centro privado Aula Nosa da Coruña para impartir educación básica de adultos.

Advertido erro na devandita orde, publicada no DOG nº 194, do martes, 5 de outubro de 2004, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 13.522, no anexo, onde di: «Código do centro: 15032438», debe dicir: «Código do centro: 15032431».